

**REUNIÓN DA COMISIÓN 5ª, SANIDADE,
POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**

Día: 30.10.2025 Hora: 10:30

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 30 de outubro de 2025, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Texto legislativo

Designación da Ponencia encargada da elaboración do informe sobre o Proxecto de lei de Protección da saúde das persoas menores e prevención das condutas aditivas (doc. núm. 33820; 12/PL-000008)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 256f1, do 17.09.2025

Punto 2. Propositions non de lei

2.1 25680 (12/PNC-002380)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Rosende, Jesús María e 9 máis
Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia coa finalidade de que elabore un protocolo para o acompañamento das persoas con discapacidade visual nos centros sanitarios galegos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 200f1, do 20.05.2025

2.2 34848 (12/PNC-003048)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pérez López, Noelia e 8 máis
Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno de España co obxectivo de que actualice a Lei de réxime fiscal das cooperativas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 265f1, do 08.10.2025

2.3 35593 (12/PNC-003096)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria
Sobre diversas medidas que debe tomar a Xunta de Galicia no relativo á xestión e á subministración dos produtos ortoprotésicos subvencionados polo Sergas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 268f2, do 15.10.2025

2.4 36118 (12/PNC-003145)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Asinado o día 27/10/2025 ás
18:47
Por Noelia Pérez López



Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que restableza o día de recollida de mostras clínicas suprimido no Centro de Saúde de Boimorto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 268f2, do 15.10.2025

- 2.5 36990 (12/PNC-003221)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Carreira Pazos, Iria e 3 máis
Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que elabore un plan dirixido á mellora dos centros sanitarios de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 272f1, do 22.10.2025

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 27 de outubro de 2025

Noelia Pérez López
Presidenta da Comisión



Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 27/10/2025 18:47:37



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 28/10/2025 08:08:33
Nº Rexistro: 10484
Data envío: 28/10/2025 08:08:33,962

CSV: REXPG-tpYuPIZIT-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/10/2025 8:08:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 28/10/2025 08:08:33
Nº Rexistro: 10484
Data envío: 28/10/2025 08:08:33,962

CSV: REXPG-tpYuPIZIT-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta	
Noelia Pérez López	P
Vicepresidenta	
Ethel María Vázquez Mourelle	P
Secretaria	
Iria Carreira Pazos	BNG

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Raquel Arias Rodríguez	P
Victor Manuel Baladrón Lamas	P
María Elena Espinosa Mangana	S
Ariadna Fernández González	BNG
Nicole Grueira Fernández	P
María Dolores Hermelo Piñeiro	P
Silvia Longueira Castro	S
Argimiro Marnotes Fernández	P
Armando Ojea Bouzo	M
María Magdalena Pérez Millares	P
María Montserrat Prado Cores	BNG
Olalla Rodil Fernández	BNG
Iago Suárez Fernández	BNG

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 30.10.2025

Hora: 10:30

Orde do día

1. Texto lexislativo

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 30.10.2025

Hora: 10:30

Orde do día

Designación da Ponencia encargada da elaboración do informe sobre o proxecto de lei de Protección da saúde das persoas menores e prevención das condutas aditivas (doc. núm. 33820; 12/PL-000008) Publicación da iniciativa, BOPG n.º 256f1, do 17.09.2025

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 30.10.2025

Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 30.10.2025

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 25680(12/PNC-002380)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Rosende, Jesús María e 9 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia coa finalidade de que elabore un protocolo para o acompañamento das persoas con discapacidade visual nos centros sanitarios galegos

Publicación da iniciativa, 200f1, 20.05.2025

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Jesús Fernández Rosende, Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle, Encarna Amigo Díaz, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e Magdalena Pérez Millares**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

O universo da saúde visual inclúe un gran número de patoloxías que dan lugar a unha redución importante da capacidade ou do campo visual, moitas delas non se poden corrixir con lentes, lentes de contacto, cirurxía ou con tratamentos farmacolóxicos e, en moitos casos, son irreversibles.

Segundo diferentes fontes, máis de 135 millóns de persoas sofren Baixa Visión no mundo, ascendendo esta cifra a preto de dous millóns en España, e rexistrándose unha porcentaxe do 2,8 % de persoas con Baixa Visión en Galicia (fonte INE)

Estas discapacidades visuais dan lugar a grandes dificultades para realizar tarefas cotiás ás persoas que as padecen. Situacións tan habituais como acudir a un centro de saúde, clínica ou hospital, solicitar unha cita ou estar pendente da quenda de chamada a unha consulta que pode verse condicionada pola discapacidade visual.

As posibilidades de desorientación dentro do centro sanitario son especialmente elevadas en persoas con discapacidade visual polo que parece oportuno xerar un ambiente onde se garanta a autonomía da persoa e o apoio necesario para a súa plena inclusión, e favorecendo que a persoa se centre en aproveitar a consulta, a proba ou o tratamento para mellorar a súa saúde.

Todas estas razóns fan recomendable que a Xunta impulse a elaboración dun protocolo ou guía de acompañamento a persoas con discapacidade visual nos centros sanitarios para garantir un trato accesible e unha asistencia sanitaria personalizada.

O obxectivo xeral é potenciar as estratexias de humanización fomentando a accesibilidade de persoas con discapacidade visual nos centros sanitarios galegos, mediante o acompañamento, por parte de profesionais da sanidade pública e o tránsito en consultas, probas diagnósticas, mediante un circuíto de conexión entre usuarios e o sistema sanitario.

Tamén parece axeitado levar a cabo unha formación específica para os profesionais sanitarios sobre as técnicas de acompañamento a persoas con discapacidade visual, que pode facerse da man e, en colaboración coas propias organizacións que agrupan a persoas cegas ou con discapacidade visual, de tal xeito que se garanta a participación de forma activa no deseño das actuacións que levan a cabo.

Os servizos sanitarios públicos configúranse como un modelo con capacidade de promover a efectiva aproximación dos servizos aos usuarios. A humanización destes espazos vai da man da accesibilidade que permite a democratización, de tal modo que pode ser gozado por todas as persoas en igualdade de condicións.

A accesibilidade universal é unha condición previa para a participación e inclusión na sociedade das persoas con discapacidade; a obriga de proporcionar accesibilidade é, por tanto, un elemento esencial para facer posible o dereito á igualdade plena e efectiva.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a estudar a elaboración dun protocolo para o acompañamento das persoas con discapacidade visual nos centros sanitarios galegos, en consenso e coa participación dos profesionais da saúde e das organizacións que traballan para garantir e ampliar as súas condicións de accesibilidade e inclusión”.

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2025

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 15/05/2025 16:50:18

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal



Jesús María Fernández Rosende na data 15/05/2025 16:50:34

Raquel Arias Rodríguez na data 15/05/2025 16:50:45

Noelia Pérez López na data 15/05/2025 16:50:58

Ethel Vázquez Mourelle na data 15/05/2025 16:51:10

María Encarnación Amigo Díaz na data 15/05/2025 16:51:25

Víctor Baladrón Lamas na data 15/05/2025 16:51:33

Nicole Grueira Fernández na data 15/05/2025 16:51:45

Dolores Hermelo Piñeiro na data 15/05/2025 16:51:55

Argimiro Marnotes Fernández na data 15/05/2025 16:52:08

Maria Magdalena Perez Millares na data 15/05/2025 16:52:21



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



[@gppgalicia](#)



[@GrupoPopularGal](#)

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 30.10.2025

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 34848(12/PNC-003048)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao
Goberno de España co obxectivo de que actualice a Lei de
réxime fiscal das cooperativas

Publicación da iniciativa, 265f1, 08.10.2025

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Ethel Vázquez Mourelle e Magdalena Pérez Millares**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

O anteproxecto da nova Lei de Cooperativas de Galicia é un texto lexislativo chamado a fortalecer e modernizar o cooperativismo galego no seu conxunto, poñendo o foco na capacidade desta fórmula para seguir impulsando a creación de novas iniciativas en sectores clave para o territorio, proporcionándolles maior seguridade xurídica e ferramentas máis claras e adaptadas á nova realidade socioeconómica.

A futura Lei de Cooperativas non é simplemente unha actualización técnica dunha norma de hai máis de 25 anos, redactada nun contexto económico e social ben diferente. Incorpora medidas de simplificación administrativa e de reforzo de dixitalización e profesionalización do sector para facilitar tanto a creación e posta en marcha de novas cooperativas como a xestión e consolidación das xa existentes, reforzando a súa presenza en todo o territorio galego.

Deste xeito, a futura Lei permitirá seguir reforzando un sector en pleno auxe que, por primeira vez na historia, supera o fito das 2.000 cooperativas activas, máis do 5% do PIB galego. Neste marco, o anteproxecto, elaborado tras un amplo proceso participativo co sector, persegue consolidar estes datos e reforzar o papel do cooperativismo na creación de emprego e no impulso do emprendemento, especialmente no rural.

Asinado o día 26/09/2025 ás
11:22
Por Alberto Pazos Couñago





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2025 11:22:50
Nº Rexistro: 34848
Data envío: 26/09/2025 11:22:50.966

A norma actualizará, entre outras cuestións, o réxime xurídico, incorporará ferramentas para mellorar a xestión e facilitará a posta en marcha de novos proxectos, fortalecendo a autonomía organizativa das entidades e reforzando a promoción e formación. Este paso é previo á tramitación legal preceptiva, antes da súa aprobación definitiva nos vindeiros meses.

Para potenciar este esforzo, o Goberno galego lembra a necesidade de que o Estado actualice a Lei de Réxime Fiscal das Cooperativas para que se adapta á nova realidade e, así, equiparar a súa competencia coas outras entidades xurídicas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que lle solicite a actualización da súa Lei de Réxime Fiscal das Cooperativas”.

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2025



CSV: REXPO-3Ez727BH-9

Verificación

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 26/09/2025 11:22:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2025 11:22:50
Nº Rexistro: 34848
Data envío: 26/09/2025 11:22:50.966

CSV: REXPG-3Ez72fBH-9
Visto en:
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/09/2025 11:22:51



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2025 11:22:50
Nº Rexistro: 34848
Data envío: 26/09/2025 11:22:50.966

CSV REXPG-3Ez727BH-9
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 30.10.2025

Hora: 10:30

Orde do día

2.3 35593(12/PNC-003096)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria

Sobre diversas medidas que debe tomar a Xunta de Galicia no relativo á xestión e á subministración dos produtos ortoprotésicos subvencionados polo Sergas

Publicación da iniciativa, 268f2, 15.10.2025



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2025 10:51:20
Nº Rexistro: 35593
Data envío: 03/10/2025 10:51:20.011

Asinado o día 03/10/25
10:49
Por Ana Pontón Mont

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores** e **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, relativa aos produtos ortoprotésicos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Asociación de Técnicos Ortopédicos de Galiza (ATOOG) trasladoulle ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego a súa preocupación por toda unha serie de irregularidades que están afectando tanto á poboación que precisan de algún produto ortoprotésico subvencionado polo Sergas, como aos profesionais que as dispensan

En primeiro lugar a tardanza por parte do Sergas en realizar o pago. É especialmente preocupante na área sanitaria de A Coruña -Cee, na que os establecementos de ortopedia, levan dende o mes de xaneiro sen cobrar, sen recibir o importe dos produtos que dispensaron, que teñen calculado que o que se lle debe ascende a case tres millóns de euros. Denuncian que esta situación repítese ano tras ano, sen que o SERGAS lle dea unha solución.

Esta situación é provocada pola implantación dun sistema que converte ás ortopedias en provedores encubertos da Xunta, pois non facturan directamente á administración galega, senón que reciben os cartos dos produtos que dispensan aos doentes a través de cesións de crédito feitas por estes, que se tramitan como un reintegro de gastos, por tanto, o SERGAS págalles como acredores dun crédito cedido, non como verdadeiros provedores.

Asinado o día 03/10/2025 ás
10:48
Por Iria Carreira Pazos

Asinado o día 03/10/2025 ás
10:48
Por María Montserrat Prado Cores

CSV: REVPG-wjYnxsX-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2025 10:51:20
Nº Rexistro: 35593
Data envío: 03/10/2025 10:51:20.011

Esta metodoloxía normalizouse nos últimos anos, e foi instalada con dous obxectivos claros, esquivar a aplicación dos procedementos da contratación pública e converter aos establecementos ortopédicos en entes financiadores do SERGAS. As pequenas ortopedias están abocadas a posuír contas de crédito para subministrarse, namentres tardan meses en cobrar os produtos que dispensaron. A situación é especialmente grave na Área A Coruña-Cee, do que se deduce unha mala xestión engadida ao problema que se deriva do modelo.


ATOG ten manifestado que o modelo de xestión e dispensa dos produtos ortoprotésicos debe ser modificado, convertendo aos establecementos ortopédicos en verdadeiros provedores do SERGAS facturando directamente á administración galega, cumprindo a lexislación de contratación pública, e despois de que os doentes poidan libremente escoller a ortopedia onde mercar os produtos prescritos polos facultativos, sen recibir orientacións ou tutelas nos centros sanitarios.

Consideran ademais que todos os produtos que subvenciona o Sergas deben estar incluídos no catálogo sen realizar convenios para algúns como ocorre na actualidade.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a:

1- Proceder a modificar o modelo de xestión da subministración de produtos ortoprotésicos aos doentes en Galiza, de xeito que os establecementos facturen directamente ao Sergas, como provedores e non o actual modelo de “endoso”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2025 10:51:20
Nº Rexistro: 35593
Data envío: 03/10/2025 10:51:20.011

2.- Realizar todas as actuacións precisas para que, á menor brevidade, e nunca máis tarde do presente ano 2025, ao Sergas pague a débeda contraída cos establecementos ortopédicos da área sanitaria de A Coruña-Cee que teñen o crédito cedido dos doentes nesta área.

3- Realizar as inspeccións oportunas para garantir a libre competencia neste sector e a liberdade dos doentes de escoller o establecemento ortopédico para aprovisionarse dos produtos prescritos.

4- Presentar un informe no Parlamento de Galiza, no actual período de sesión, no que conste a relación de establecementos que dispensan produtos ortoprotésicos que recibiron reintegros de gastos en concepto de subministración de produtos ortoprotésicos a doentes, coa seguinte información desagregada correspondente aos últimos cinco anos: importe total anual de cada establecemento, relación de doentes, produto subministrado, importe e facultativo prescriptor, así como o concello de procedencia”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV REXPO-EXYmaxX3

Verificación

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 03/10/2025 10:48:22

Iria Carreira Pazos na data 03/10/2025 10:48:35

Ana Pontón Mondelo na data 03/10/2025 10:49:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2025 10:51:20
Nº Rexistro: 35593
Data envío: 03/10/2025 10:51:20.011



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/10/2025 10:51:20



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2025 10:51:20
Nº Rexistro: 35593
Data envío: 03/10/2025 10:51:20.011

CSV REXPO-exYmaxX3
Verificación
<https://sece.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 30.10.2025

Hora: 10:30

Orde do día

2.4 36118(12/PNC-003145)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que restableza o día de recollida de mostras clínicas suprimido no Centro de Saúde de Boimorto

Publicación da iniciativa, 268f2, 15.10.2025



Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2025 17:29:59
Nº Rexistro: 36118
Data envío: 08/10/2025 17:29:59.651

Asinado o día 08/10/25
17:16
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Silvia Longueira Castro** e **María Elena Espinosa Mangana**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Fai apenas un mes, o 5 de setembro, o centro de saúde de Boimorto foi obxecto dun proxecto de mellora e reestruturación dos espazos. Renovouse a cuberta e as salas de espera e de persoal, así como na zona de pediatría. Creouse un tabique divisorio para independizar as caldeiras do inmovible sanitario e do centro de maiores. Así como unha ampliación da rampla de acceso ao edificio.

Asinado o día 08/10/2025 ás
17:16
Por Elena Espinosa Mangana

Segundo palabras dos cargos políticos da Xunta de Galicia manifestaron que esta actuación tivo coma obxectivo "mellorar a confortabilidade do centro e optimizar a prestación de atención sanitaria. Tamén indicaron que a intervención levárase a cabo a través dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Boimorto que como titular do inmovible asumira a redacción do proxecto, a súa licitación e a adxudicación das obras por 50.000 euros.

Apenas un mes despois de finalizar estas melloras, no centro de saúde eliminouse un día de recollida de análise. De ter o servizo de análise os luns, mércores e venres; a Consellería de Sanidade decidiu eliminar o venres, de xeito que as veciñas e veciños de Boimorto van a incrementar até catro días de demora calquera tipo de valoración que estea pendente dunha proba analítica.

Asinado o día 08/10/2025 ás
17:16
Por Silvia Longueira Castro

CSV: REVPG-HZS5nq8v-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2025 17:29:59
Nº Rexistro: 36118
Data envío: 08/10/2025 17:29:59.651

Incrementando aínda máis os tempos de diagnose e espera no sistema sanitario.

O equipo sanitario manifestou a súa contrariedade fronte a esta decisión, ao tempo que entendemos que vai directamente en contra das necesidades dos veciños. Xa que por outra banda, o servizo de matrona ten lugar o mércores e, polo tanto, calquera mostra non sería recollida ata o luns seguinte e acumulando así o retraso que xa indicamos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a restituír o día de análise que foi suprimido pola Consellería de Sanidade no centro de saúde de Boimorto.

Santiago de Compostela, a 8 de outubro do 2025

CSV: REXPG-HZS5rq8xv-8
Validación:
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 08/10/2025 17:16:09

Elena Espinosa Mangana na data 08/10/2025 17:16:16

José Ramón Gómez Besteiro na data 08/10/2025 17:16:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2025 17:29:59
Nº Rexistro: 36118
Data envío: 08/10/2025 17:29:59.651

CSV REXPC-HZS5q8xv-8
Validar
<https://secre.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 08/10/2025 17:30:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2025 17:29:59
Nº Rexistro: 36118
Data envío: 08/10/2025 17:29:59.651

CSV: REXPO-H2S5q8xv-8
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 30.10.2025

Hora: 10:30

Orde do día

2.5 36990(12/PNC-003221)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e 3 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que elabore un plan dirixido á mellora dos centros sanitarios de Galicia

Publicación da iniciativa, 272f1, 22.10.2025



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 17:56:30
Nº Rexistro: 36990
Data envío: 15/10/2025 17:56:30.743

Asinado o día 15/10/2025 ás 17:53
Por Ramón Fernández

Asinado o día 15/10/2025 ás 17:53
Por María Montserrat Prado Cores

Asinado o día 15/10/2025 ás 17:53
Por Iria Carreira Pazos

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Iria Carreira Pazos**, **Montserrat Prado Cores** e dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo** e **Xosé Manuel Golpe Acuña**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, sobre a situación das infraestruturas sanitarias na Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nesta semana produciuse un derrubamento dun falso teito no Hospital Arquitecto Marcide de Ferrol no vestíbulo principal que conecta co acceso á xerencia e nas dependencias da ADOS. Segundo se recolle na prensa, este suceso debeuse á rotura dunha tubaxe da auga e afortunadamente, non causou danos persoais.

Mais este derrubamento súmase ao acontecido a principios do mes de agosto, cando o teito se derrubou nunha das habitacións da parte máis antiga do centro, causando feridas a un paciente que se atopaba ingresado neste cuarto. Isto provocou actuacións de urxencias de urxencias sobre diferentes plantas de hospitalización do edificio antigo do CHUF para renovando materiais claramente envellecidos.

Cómpre sinalar que este centro hospitalario conta aínda a día de hoxe, en pleno ano 2025, con cuartos de hospitalización que non contan cun baño.

Esta situación de deterioro dos centros sanitarios públicos vemos como se repite de xeito alarmante por todo o País, coma no Hospital Materno de Ourense ou o Gil Casares e o Hospital Provincial no CHUS, mais que non se limita aos hospitais afectando tamén a centros de Atención Primaria. E fronte a isto resulta rechamante a



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 17:56:30
Nº Rexistro: 36990
Data envío: 15/10/2025 17:56:30.743

falta de actuacións preventivas sobre estas infraestruturas sanitarias, que no caso dos centros hospitalais, son de plena competencia da Xunta de Galiza.

Todo isto súmase ás graves carencias que presenta a sanidade pública a nivel de persoal, cunha importante falta de planificación e previsión que está a ter consecuencias notorias sobre a calidade asistencial que recibe a poboación, mais tamén sobre as condicións laborais do persoal.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O parlamento insta a Xunta de Galiza a elaborar un plan, debidamente orzamentado e calendarizado, que deberá ser presentado nun prazo de 6 meses neste Parlamento no que se analice a situación dos centros sanitarios galegos, recollendo cales son as eivas referentes ao seu estado de conservación e a adecuación á fragilidade das pacientes, así coma as melloras que deben ser acometidas para a súa mellora funcional”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 15/10/2025 17:53:06

María Montserrat Prado Cores na data 15/10/2025 17:53:14

Ramón Fernández Alfonzo na data 15/10/2025 17:53:25

José Manuel Golpe Acuña na data 15/10/2025 17:53:35

Olalla Rodil Fernández na data 15/10/2025 17:53:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 17:56:30
Nº Rexistro: 36990
Data envío: 15/10/2025 17:56:30.743

CSV REXPO-muG/NqG8-8
Verificar
<https://secre.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/10/2025 17:56:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 17:56:30
Nº Rexistro: 36990
Data envío: 15/10/2025 17:56:30.743

CSV REXPO-muG/NqG8-8
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

